



## Os documentais 'A Foreign Song' e 'No somos nada' protagonizan a xornada do venres 17 na Semana do Cinema Galego

**A Coruña, 16 de marzo do 2023.-** A cuarta edición da Semana do Cinema Galego, a gran mostra da sétima arte do país e unha das citas audiovisuais da tempada máis senlleiras, Programa na súa cuarta xornada as películas documentais *A Foreign Song* e *No somos nada*. O acceso a ambas as dúas proxeccións será de balde, con entrada libre, por orde de chegada, ata completar o aforo.

O programa do **venres 17 de marzo** iniciárase coa proxección, ás 20.00 h, de ***A Foreign Song***, peza dirixida por **César Souto** e producida por Matriuska. O documental, inspirado na obra e biografía do poeta modernista estadounidense Wallace Stevens, obtivo os galardóns á mellor película española e ao mellor director español do FICXión, certame onde tivo lugar a súa estrea mundial. Tanto o seu director, **César Souto**, como o produtor **Daniel Froiz** participarán na presentación no Colón previa á proxección de *A Foreign Song*.

Algo máis tarde, ás 22.00h, o público poderá gozar de ***No somos nada***, dirixida por **Javier Corcuera** e con produción de Gael Herrera, Miguel Paredes e Natalia de Ancos. O documental, un repaso aos corenta anos de La Polla Records, unha das bandas máis icónicas do punk nacional, tivo a súa estrea no Festival de San Sebastián e gañou o Premio do Público no In-Edit Barcelona 202. Os asistentes á proxección no Colón terán a oportunidade de departir con **Gael Herrera**, produtora executiva, **Xaime Barreiro**, produtor da película, e **Manuel Viqueira**, director da parte de animación.

Os equipos de *A Foreign Song* e *No somos nada* posarán para os medios mañá venres, ás 19.00 h, no Palco da Música dos Xardíns de Méndez Núñez, e, a continuación, ás 19.30 h, no interior do Teatro Colón. A actividade comezará ás 20.00 h e cada proxección estará precedida por un coloquio guiado polo xornalista especializado Javier Trigales no que participará o equipo do documental presente no Colón.

### ***A Foreign Song* de César Souto**

Traballou nunha compañía de seguros durante 40 anos. Todos os días erguíase ás 6 e deitábase ás 9. Nos seus días tranquilos non hai peripecias salientables, nin grandes dramas. Ninguén diría que este home de vida ordinaria e aburrída é o autor dunha das obras poéticas máis singulares do século XX. Cando se lle pediu un texto biográfico para presentar a súa obra, o poeta modernista estadounidense Wallace Stevens negouse a escribila. Cría fondamente que a poesía non era persoal e que a voz que estaba detrás dos seus poemas era en realidade a voz dun Outro.



Alguén, ao lonxe, observa as casas idénticas nos arrabaldes solitarios de Estados Unidos. Na cidade dos cartos, onte e hoxe, unha multitude camiña sen descanso. Voces sen rostro len fragmentos das cartas do poeta. Un paxaro de plumas douradas canta unha canción.

***No somos nada* de Javier Corcuera**

Tras anos de silencio, a lendaria banda vasca La Polla Records regresa aos escenarios por sorpresa. Evaristo Páramos, o seu carismático vocalista, anúnciao en rolda de prensa. Os seus milleiros de fans corren a voz e prepáranse para o acontecemento. Evaristo fai memoria desde a súa pel de punk aldeán. O seu relato enrédase con cancións, fotografías, fragmentos de animación e vellos vídeos da banda. Mil e un concertos quedan na lembranza.

**CONTACTO DE PRENSA IV SEMANA DO CINEMA GALEGO**

*The Office Comunicación*

Bea Pérez e Luisa Castiñeira

604 070 409 - 620 113 155

[prensa@theofficeco.es](mailto:prensa@theofficeco.es)

**KIT DE PRENSA IV SEMANA DO CINEMA GALEGO**

[cutt.ly/SCG2023](http://cutt.ly/SCG2023)

**CONTACTO DE PRENSA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL (AGA)**

Miriam Rodríguez

[prensa@academiagalegadoaudiovisual.gal](mailto:prensa@academiagalegadoaudiovisual.gal)

[www.semanadocinemagalego.gal](http://www.semanadocinemagalego.gal)

#SCG2023

**CONVOCATORIA PHOTOCALL MEDIOS GRÁFICOS**

Acto: Encontro cos equipo de 'A Foreign Song' e 'No somos nada'

Data: Venres 17 de marzo

**Photocall exterior: Quiosco da Música dos Xardíns de Méndez Núñez, ás 19.00 h**

**PUNTO DE ENCONTRO:** Teatro Colón, acceso lateral dereito,  
ao carón dos Xardíns de Méndez Nuñez

**Photocall interior: Teatro Colón, ás 19.30 h**